

## RETO MEDIOAMBIENTAL

Nesta semana non podíamos esquecernos da conmemoración do **5 de xuño**, Día Mundial do Medio Ambiente, para propoñervos unha serie de desafíos, todos relacionados co coidado do noso planeta, con hábitos saudables e de respecto á natureza.

Velaí van, a ver se vos atrevedes!

### 1) FACER UN AMBIENTADOR ECOLÓXICO CASEIRO:

OLLO! Non vale botar colonia, perfume, xabóns nin xeles comercializados. Isto ten que arrecender únicamente utilizando elementos naturais que teñades na casa ou atopedes no campo: especias, herbas aromáticas, flores ou froitas...Ao estilo de Peppa Pig cando crea o seu perfume.



Necesitas:

- Bote de vidro ou de plástico
- Auga
- Plantas aromáticas: canela, tomiño, menta, romeu, camomila, ourego, etc.
- Froitas: limón, laranxa, lima, mazá, etc.

- Flores: rosas, lavanda, margaridas, etc.
- Follas de árbores: limoeiro, laranxeira, piñeiro, eucalipto, etc.

Podedes experimentar con varias combinacións e logo un familiar poderá facer de xuíz/a e decidir cal é o ambientador que ten o olor máis agradable. Ése será o que ambiente a vosa casa!



## 2)NO CEPILLADO DIARIO...NIN UNHA PINGA DEMAIS.

Cando deixamos a auga da billa correndo, mentres cepillamos os dentes, parece que gastamos pouca auga a simple vista, pero podemos chegar a desperdiciar unha enorme cantidade de litros que son imposibles de recuperar. A auga é unha necesidade urxente en moitas partes do mundo e debemos aforrar toda a posible.

O ideal é que este reto se faga en familia e, se tedes éxito e sodes capaces de logralo, facelo a diario a partir de agora.

Consiste en encher un vaso de auga cando vaiades cepillar os dentes. Intentade utilizar a mínima cantidade posible para

enxagar a boca e lavar ben o cepillo ao final. Cada vez que vaiades limpar os dentes, encheredes un vasiño. Xa veredes como, coa práctica, aprenderedes a utilizar a auga grolíño a grolíño dunha maneira máis razonable.

### 3) PEQUEÑO PLANETA..."A BAILAR!"

Avisamos que este reto é un dos máis difíciles...aquí tedes que amosar as vosas dotes artísticas e á vez expresar o amor e respecto que tedes pola Terra, o planeta no que vivimos e gracias ao que respiramos, alimentámonos, bebemos e convivimos todos os seres vivos.

Tedes que intentar memorizar a maior parte posible da letra cos pasos que se repiten na seguinte canción de Cantajuego. Animádevos a bailar con toda a familia, que a canción é moi pegadiza! A ver quen consegue bailala completa, que o noso planeta, ben merece unha homenaxe!



<https://www.youtube.com/watch?v=Wpv1czv08A>

### 3) E TI...CANTAS COMES?

As froitas, mellor frescas e de tempada. E de todas as formas, cores e sabores. Comer froitas frescas de tempada é bo para o noso corpo, pero tamén para o noso planeta:

-produce menos contaminación porque non hai que transportala dende lugares moi afastados.

- respecta o ciclo natural de crecemento das plantas e a súa produción, sendo máis ecolóxico e respectuoso co medio ambiente.

- preséntase sen tantos envases plásticos e así contribuímos a reducir a contaminación ambiental.

Nada de tomar caldo de azucre das froitas, de cocer ou asar. A froita crúa, natural será a que valla para este reto:

Necesidades:

- Un folio, cartolina grande branca ou o modelo adxunto.
- Lapis, rotus, bolígrafos ou ceras
- Unha regra (opcional)
- Familiares para crear a competición
- Apetito, moito apetito...

Debuxamos unha táboa con axuda dun adulto/a onde aparezan os días da semana en horizontal e tamén o reconto final e, en vertical, os nomes dos familiares que van realizar o reto cos nenos/as. Podedes facer o rexistro debuxando as froitas que come cada membro da familia ao día ou ben representándoo con paíños, boliñas ou co número, como prefirades. Iso si, o reconto final representarase con números para intentar averiguar, co número máis alto, quen consumiu máis pezas de froita. O gañador/a será premiado cun **postre especial**, o seu favorito, esa fin de semana.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	RECONTO SEMANA
NENO/A						
FAMILIAR 1						
FAMILIAR 2						
FAMILIAR 3						

**GAÑADOR/A DO RETO E TI...CANTAS COMES?**

